

O moí Nobre e Leal club The Cutarc Team,
reuníndose en solemne xunta facendo
alarde de escaso sentido común
inversamente proporcional ao seu sentido
do humor,
empraza ás Vosas Mercés ao torneo de
xustas

VII Torneo de Eliminacións
Torre de Hércules
Cutarc Style
VII Trofeo Fernando Bardanca

que terá lugar en A Coruña (cabeza, garda e
chave, forza e antemural do Reino de
Galicia) o vixésimo cuarto día do mes de
xaneiro do ano do noso señor MMXXVI

Bases

Reglamento

O torneo, menos polo especificado nesta convocatoria, regularase pola normativa World Archery.

Modalidades participantes

Recurvo, tradicional, composto e recurvo menores de 15, sen distinción por sexo; nin por tipo de arco en tradicional.

Naquela modalidade que non se acade *un mínimo de inscritos para realizar 6 enfrontamentos ou liguiña*, non se celebrará a competición. Avisarase a semana anterior ao torneo se non fora posible celebrar algunha modalidade.

Tirarase ás dianas regulamentarias para 18 metros para categoría senior de cada modalidade.

Os recurvo menores de 15 tirarán a 18 metros con diana 80 cm (non reducida).

Desenvolvemento

Todos os arqueiros/as tirarán enfrontamentos dende principio a fin.

Nas modalidades con número suficiente de inscritos:

Realizarase por eliminatorias de set ao mellor de 5 sets en cada enfrontamento dende o inicio ata o final da competición á distancia de 18 metros.

Aqueles que vaian gañando as súas eliminatorias irán subindo na clasificación e aqueles que perdan irán baixando na mesma ata completarse os enfrontamentos.

Se non hai un número de inscritos suficiente nalgunha modalidade para desenvolver o anterior, farase unha *liguiña* de 6 enfrontamentos.

Para facilitar o desenvolvemento da competición, en cada parapeto, nas paredes detrás da liña de tiro e en cada tabliña, existirán papeis indicando a onde

ten que ir cada arqueiro logo de cada un dos enfrontamentos.

Trofeos

Haberá trofeos para os tres primeiros clasificados de cada modalidade.

Aqueles arqueiros/as que só perdan un encontro pero que non acaden podio, tamén obterán trofeos (*Trofeos Casi*).

*En arco tradicional, quen acade o primeiro posto, tamén levará o **Trofeo en memoria de Fernando Bardanca**.*

Lugar de Celebración

Pavillón Municipal de Novo Mesoiro. Rúa Os Ancares s/n 15190 A Coruña

<https://goo.gl/maps/wWUXt88Mj9YD9gMm9>

Horarios

Sábado 24 de xaneiro de 2026

Turno de mañá (**recurvo sub15**)

09:00 _ Recepción de arqueiros, apertura de campo, quecemento e revisión de material (que poderá seguir realizándose durante o desenvolvemento da competición).

09:30 _ Comezo da competición.

11:30 _ Descanso de 15 minutos (se non hai atrasos).

13:30 _ Entrega de trofeos e pequena pinchada.

Turno de tarde (**recurvo, tradicional e composto**)

15:00 _ Recepción de arqueiros, apertura de campo, quecemento e revisión de material (que poderá seguir realizándose durante o desenvolvemento da competición).

15:30 _ Comezo da competición.

18:00 _ Descanso de 15 minutos (se non hai atrasos).

20:30 _ Entrega de trofeos e pequena pinchada.

Dependendo do número final de inscritos, e para tratar de dar cabida á maior cantidade posible de arqueiros, **é posible que os turnos sufran modificacións**, como mover algunha categoría de tarde á mañá (se hubese moitos inscritos) ou recurvo sub15 á tarde (se hai oco). De ser así, **avisaríamos á maior brevedade posible** e, no caso de que a alguén non lle viñese ben o cambio, realizaríamos un reembolso da inscrición.

Inscricións

A inscrición para o torneo abrirase no momento da publicación da convocatoria e manterase aberta ata as 23:59 do 16 de xaneiro de 2026.

Realizaranse cubrindo o formulario ao que se accede dende o seguinte enlace:

<https://forms.gle/7sFG2UZzKkFkGNHY6>

No caso de que se superen as prazas existentes, os/as arqueiros/as que excedan ese cupo quedarán en listaxe de espera e poderán ocupar unha praza no caso de que se produza algunha baixa, sempre por orden de inscrición.

A inscrición terá un custo de **15 euros** por arqueiro/a, menos para os menores de 15 (categoría sub15) anos que será gratuita. O precio inclúe tamén unha pequena pinchada ao final da competición.

O pago efectuarase por transferencia á seguinte conta a nome do club The Cutarc Team:

OpenBank
ES2100730100580505269199

Prégase que se realice un único pago por club participante para facilitar os trámites, aínda que non é estritamente necesario.

As prazas confirmarase una vez pechado o período de inscrición e previa recepción do comprobante de pago no *email* de The Cutarc Team e do formulario de inscrición. Non se admitirá a participación de arqueiros/as cuxa praza non estea confirmada previamente.

Como xa sabedes, debido ás características do Torneo, as baixas de última hora prexudican aos demais arqueiros/as, por iso **rogámosvos que nos avisedes das posibles baixas canto antes**.

Mentras o período de inscrición estea aberto, devolverase o importe da inscrición daqueles arqueiros/as que se dean de baixa. Unha vez pechada a

inscrición, só se devolverá o diñeiro da mesma si se cubre a praza ou se non se pode celebrar a modalidade por falta de inscritos.

Aqueles clubs que o desexen, poden solicitar certificado de pago da inscrición que se lles entregará o día da competición, e só ese día.

Control de Asistencia

As persoas acompañantes situaranse nas bancadas durante a competición.

Aqueles clubs que desexen ter monitores na liña de tiro, poden comunicalo ao *email* do club.

Contacto

Para calquera dúbida que poida xurdir podedes poñervos en contacto con nós polos seguintes medios:

Teléfono 648134696

Mail: thecutarcteam@gmail.com

Gustaríanos, por último, agradecer a súa colaboración a:

Concello de A Coruña



Diputación da Coruña



Gadis



Nockpoint

